

Este é un fragmento de James Rachels, filósofo americano, e forma parte da obra *Introducción a la filosofía moral*. O tema do texto é que as verdades en ética son relativas ou, dito doutra forma, que non existen verdades universais en ética.

Podemos clasificar este texto como parte da ética, unha disciplina filosófica referida a un conxunto de costumes ou normas que dirixen o comportamento humano, e que se ocupa de discernir entre o ben e o mal.

O fragmento comeza cunha historia introdutoria, segundo a cal Darío, rei dos persas, reunirá a calacios e gregos para ensinar a lección de que diferentes culturas teñen códigos morais diferentes. En concreto, puxo de manifesto que os ritos funerarios dos gregos e os calacios eran diferentes: mentres que os gregos incineraban os seus mortos, os calacios comíanos. En concreto, puxo de manifesto que os ritos funerarios dos gregos e os calacios eran diferentes, e mentres que os calacios comían aos seus mortos, os gregos incinerábanos.

A partir desta historia, a primeira idea que expón o autor é que "culturas diferentes teñen códigos morais diferentes". Un código moral é un conxunto organizado de valores morais e normas que son asumidas por un grupo social determinado. Isto implicará que un individuo pertencente a un grupo tenderá a considerar correctas accións diferentes que un individuo pertencente a un grupo cultural diferente.

O autor parece pensar que a idea anterior implica que todas as verdades da ética son relativas, é dicir, que non podemos falar de corrección e incorrección nun sentido universal. E nesta liña afirma que non hai un criterio imparcial para saber que é o correcto. A postura que defende o autor é unha postura relativista ética, de modo similar ao que expuxeron os sofistas.

Finalmente, deféndese unha terceira idea, que é que as culturas, en particular os códigos morais, teñen a súa raíz na tradición. A tradición é a transmisión ou comunicación de noticias, literatura popular, ritos, doutrinas, valores morais, que se manteñen de xeración en xeración. A tradición, a diferencia das ciencias ou saberes racionais, non necesita xustificación, tende a aceptarse de forma acrítica.

O relativismo é unha postura que ten os seus puntos positivos. No pasado, esta postura axudou a acadar un entendemento entre diferentes culturas e abandonar unha posición etnocéntrica, que pensa que os valores da propia cultura son os únicos correctos. Con todo, o relativismo tamén ten os seus problemas. En primeiro lugar, aceptar o relativismo implica que non temos un criterio para criticar as posicións morais doutras culturas. Teríamos que aceptar, por exemplo, que outra cultura practique a ablación. En segundo lugar, o texto defende implicitamente que as culturas son homoxéneas, que non existen diferencias entre os individuos na súa concepción da moral, o que é falso. Por exemplo, a tauromaquia en España é considerada parte da tradición por certos individuos, mentres que outros o consideran unha forma de maltrato inaceptable.

En conclusión, o relativismo ético que defende o autor non é unha postura válida, pois aceptalo ten consecuencias moi negativas e, por outra parte, existen diferencias dentro das propias culturas, estas non teñen un único criterio moral.